



# PLAN ANUAL DE LECTURA

IES SANTA IRENE CURSO 2023-2024



## Índice

1. Limiar.....	3
1.1. Obxectivos do Plan anual de Biblioteca para o curso 2023-2024 .....	3
1.2. Obxectivos específicos de Fomento da Lectura na biblioteca Méndez Ferrín o IES Santa Irene .....	4
2. Liñas de actuación prioritarias para o curso 2023-2024.....	4
3. Formación de usuarios.....	5
4. Fomento da lectura.....	5
5. Organización dos espazos de lectura .....	6
5.1. A Biblioteca .....	6
5.2. Outros espazos.....	6
5.3. Organización do equipo da Biblioteca .....	6
5.4. Horario de biblioteca .....	6
6. A hora de ler.....	7
7. Clubes de lectura.....	7
8. Itinerarios lectores por departamentos.....	7
9. Actividades programadas e temporalización.....	18
10 Dinamización da lectura dende a Biblioteca (durante todo o curso) .....	21
11. Criterios e procedementos de avaliación .....	21



## 1. Limiar

O Plan Anual de Lectura é un programa de obxectivos e accións que constitúe a concreción anual do Proxecto Lector de Centro. Tratamos de deseñar un plan adaptado ás características e necesidades do noso centro.

Cómpre recordar o principal obxectivo do Proxecto Lector, segundo o artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: “Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave”.

Durante este curso 2023-2024 a Biblioteca “Méndez Ferrín” do IES Santa Irene continúa o proceso iniciado no curso 2013-2014, e propiciado pola participación no Plan B de bibliotecas Escolares, que xerou a apertura de espazos e do proxecto didáctico da biblioteca, convertindo o mesmo nun lugar dinámico que tenta favorecer e dar apoio á vida cultural e as actividades do centro tratando o mesmo tempo de crear un espazo inclusivo.

Actualízanse os espazos, tanto “sala de lectura” como a “sala de estudo” na súa totalidade. Tamén para este curso renóvase o equipamento informático. Continúase co préstamo presencial na sala, para o alumnado, aínda que se convinará co uso do préstamo a través do correo electrónico, pola súa comodidade e rapidez.

Trasladarase máis material ao “fondo histórico” no soto do centro para facer espacio na sala da biblioteca. Seguiremos intentando poñer en valor o noso patrimonio bibliográfico, inventariando os libros antigos, libros curiosos ou de valor bibliográfico e histórico que existen, tanto na biblioteca, como nos diferentes departamentos, e proceder ó seu arquivo e conservación no espacio do soto, reformado e habilitado. Seguiremos a recuperar obxectos de uso docente agora xa obsoletos pero que teñen valor histórico ou testimoñal das formas docentes do pasado e realizar, exposicións con todo este material catalogado e recuperado. A creación da biblioteca do IES Santa Irene data do ano 1946, temos fondos de esta época e tamén algún procedente do antigo Instituto de Ensino Medio creado en Vigo no ano 1927.

A biblioteca está a cargo dunha bibliotecaria, unha coordinadora, profesorado en horario diurno e nocturno e o vicedirector. Estarán encargadas de regular os usos da biblioteca, o préstamo de libros, novas adquisicións e apoio e inclusión do alumnado máis vulnerable.

A Biblioteca durante este curso apoiará a promoción e dinamización do proxecto lector do centro e das diversas actividades culturais, así como a dinamización do blog da biblioteca “A Cova Máxica”. Asemade ofertará tablets para o uso do alumnado economicamente máis vulnerable e proxecta mercar novos soportes informáticos.

### 1.1. Obxectivos do Plan Anual de Biblioteca para o curso 2023-2024

- Reforma completa do espazo da biblioteca.
- Integración na biblioteca dos fondos dos departamentos con valor histórico-docente.
- Inventario dos libros antigos e curiosos dos nosos fondos para facer exposicións e abrindo os fondos bibliográficos á comunidade educativa. Coa finalidade que os fondos sexan accesibles e recoñecidos.
- Colaboración cos departamentos didácticos para organizar as bibliotecas de departamento.
- Converter a biblioteca nun centro de recursos non so bibliográficos: introducindo o uso das novas tecnoloxías na lectura (e-books, audiovisuais, audiolibros, tablets e ordenadores portátiles).



- Creación dunha biblioteca inclusiva en colaboración co departamento de orientación para incluír materiais específicos que fomenten a lectura e os usos das TICs do alumnado con necesidades especiais ou en risco de exclusión.
- Publicación periódica e actualización do Blog da Biblioteca, “A cova máxica”.
- Desenvolvemento de actitudes de formación de usuarios. Seguirase participando no programa de voluntariado iniciado en cursos pasados. Gracias a iso o centro conta cun grupo de voluntarios do centro que axuda na divulgación e desenvolvemento das actividades de biblioteca
- Conmemoración de diferentes efemérides para divulgar a obra dos autores ás que están adicadas e celebrar actividades relacionadas.
- Realización de itinerarios lectores coas recomendacións dende os departamentos didácticos de libros de lectura adaptados a cada nivel.
- Continuación do Club de Lectura.
- Favorecer a escritura creativa do alumnado a través de actividades literarias, cartas de amor, microrrelatos, banda deseñada, deseño gráfico, contacontos etc.
- Fomentar o emprego da prensa, e o uso das hemerotecas.

## 1.2. Obxectivos específicos de Fomento da Lectura na biblioteca Méndez Ferrín o IES Santa Irene

- Conseguir que o fomento da lectura non se circunscriba só á biblioteca e os departamentos de linguas, senón que implica á totalidade da comunidade educativa, tendo en conta que a competencia lectora debe ser avaliada desde todas as materias.
- Incentivar no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o seu gusto e o pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Alentar o crecemento lector nos alumnos dun xeito continuado, potenciando as ferramentas lectoras, como son a habilidade mecánica, a comprensiva e o dominio do vocabulario, descubríndolles as posibilidades de utilización de diferentes modos de lectura.
- Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e na aula, potenciando o uso do dicionario para resolver dúbidas sobre o vocabulario específico das distintas áreas.
- Estimular o hábito da lectura, despertando a necesidade de ler dende as idades máis temperás, coa continuación do Club de Lectura (aprobado polo CE do 24 de outubro do 2022).
- Concienciar ás familias da estreita relación que existe entre a mellora da competencia lectora e o éxito escolar.
- Propiciar o intercambio de experiencias lectoras tanto entre o alumnado como entre este e o profesorado.
- Implicar todo o profesorado nas actividades, campañas ou outras experiencias de dinamización para potenciar o hábito lector dos alumnos/as.
- Favorecer a lectura como un medio de integración e mellora social.
- Desenvolver coa lectura a cooperación, a coeducación e a igualdade rexeitando a desigualdade e a discriminación social.
- Que a biblioteca se convirta nun espazo de inclusión, vertebrador e dinamizador do centro.

## 2. Liñas de actuación prioritarias para o curso 2023-2024

- Completar a transformación da estrutura espacial do arquivo de fondo de libros históricos e adecualo ao arquivo dos mesmos. Crear un arquivo de documentos administrativos por parte da dirección do centro. Ambos deben reunir as condicións adecuadas para a conservación dos libros históricos e documentos administrativos.



- Intentar a catalogación e distribución dos fondos bibliográficos históricos. Arquivo e catalogación de fondos.
- Reubicación dalgúns fondos da biblioteca para crear un espazo activo e dinamizador na biblioteca.
- Mercar e-books e audiolibros para préstamo. Achegando as novas tecnoloxías á animación lectora e convertíndose nun instrumento útil para a aprendizaxe.
- Establecer como permanentes, novos espazos de lectura no corredor próximo a ésta. Entendemos que o noso centro conta con espazos extraordinarios, e debemos facer uso deles. Colaboración cos departamentos didácticos para organizar as bibliotecas de departamento inventariando os libros históricos do centro.
- Colaborar e participar de forma activa con diferentes proxectos do centro (entre eles Polos Creativos...)
- A partir de xaneiro intentarase recuperar “A Hora de Ler semanal” para a ESO.
- Renovación dos fondos da biblioteca.

### 3. Formación de usuarios

Unha maneira de dinamización do noso proxecto lector, para que sexa un elemento vivo e forme parte da estrutura elemental do proxecto de biblioteca é a formación de usuarios. Para optimizar a utilización da Biblioteca como fonte de recursos este curso, realízanse, a principio de curso visitas guiadas pola bibliotecaria para o alumnado dos primeiros cursos.

Seguirase participando no programa de voluntariado. O centro conta cun grupo de voluntarios que axuda na divulgación e desenvolvemento das actividades de biblioteca.

### 4. Fomento da lectura

- Preténdese crear un espazo de traballo e lectura informal que potencie o traballo individual e grupal do alumnado.
- A biblioteca Méndez Ferrín potenciará o uso da lectura e o desenvolvemento do proxecto lector do centro facilitando o préstamo de libros e o acceso a libros en soporte dixital. Asemade realizará actividades culturais que quedarán expostas no blog a “Cova Máxica”.
- A biblioteca Méndez Ferrín procurará dinamizar actividades para todo o alumnado e facilitará ferramentas informáticas ao alumnado con problemas de exclusión socio-económica.
- A hora de ler. O programa que desenvolvemos: “A hora de ler” desenvolverase a lo menos, nos grupos da ESO na aula durante o curso.
- Os departamentos didácticos desenvolverán dentro das aulas, ou no espazo da sala de lectura se é posible, nas distintas materias impartidas do currículo o fomento da lectura, a comprensión lectora de textos, a aprendizaxe do vocabulario específico para a materia. Dependendo das características e a programación de cada unha poderán dedicarse á lectura de fragmentos de obras, a actividades de comprensión lectora ou ao desenvolvemento das habilidades relacionadas coa lectura. A biblioteca colaborará cos departamentos proporcionando axuda bibliográfica, dicionarios e o espazo da biblioteca para utilizar.
- A bibliotecaria terá a disposición da biblioteca o seu horario e encargarse do rexistro de libros, e realizar o préstamo. Continuamos o préstamo presencial aínda que tamén poderán solicitalo no correo electrónico: [prestamo.libros@iessantairene.es](mailto:prestamo.libros@iessantairene.es).
- Este curso continuarase o Club de Lectura, como elemento dinamizador de lectura traballando unha variedade de liñas adaptadas aos diferentes gustos.



## 5. Organización dos espazos de lectura

### 5.1. A Biblioteca

A biblioteca contará con dous espazos unha Sala de lectura, que este curso se actualizará e cambiará o equipamento e unha sala de estudio que se utilizará para o traballo en grupo, charlas ou conferencias de grupos reducidos, actividades de biblioteca (acollida dos Club de Lectura...)

Espazo no corredor: postos de lectura e estudo, no corredor de acceso á Biblioteca.

A "Biblioteca Histórica": Tras as obras realizadas no instituto nos cursos pasados, reestructurouse e creouse un "arquivo histórico" nun espazo no sótano do centro. Os documentos bibliográficos están debidamente gardados e custodiados e creouse un arquivo de libros no que se debe continuar traballando.

Durante o curso tamén se seguirá traballando na documentación administrativa de alumnado, profesorado, actas e documentación xerada nestos 75 anos de historia.

A Biblioteca pretende convertirse nun espazo dinámico cheo de actividades de fomento lector tanto para o alumnado da quenda de diúrno como da de adultos e, polo tanto, é un lugar clave para o fomento da lectura, cun amplo horario para satisfacer as demandas dun alumnado tan plural.

### 5.2. Outros espazos

- Aulas: As aulas son espazos cotiás de lectura nas horas de clase das distintas materias e nas titorías. As distintas materias desenvolven a lectura na aula e fomentan a comprensión lectora e a aprendizaxe do vocabulario específico en cada materia.
- Departamentos: Os seus recursos servirán de apoio aos aportados pola Biblioteca; trátase de obras máis específicas e temáticas. Tamén obras que polo seu valor ou antigüidade non poden estar ao alcance de todo o mundo.

### 5.3. Organización do equipo da Biblioteca

Integrantes do grupo de biblioteca curso 2023-2024

- Coordinadora: Almudena Fernández Lanza.

- Bibliotecaria: Yolanda Arana.

- Profesorado colaborador de diurno:

Isabel Capelo

Araceli (coordinadora de Dinamización Lingüística).

Leonor Giménez

Rosa Vázquez

- Profesorado colaborador de nocturno:

Montserrat Fraga

Encarna Moledo

- Vicedirector: ArturoFuentesCid.

As integrantes do grupo colaborarán na organización do préstamo, control da sala de lectura e no mantemento das actividades de biblioteca.

### 5.4. Horario de biblioteca

*Horario de diurno*



De Luns a Venres (08:30-14:10)

Luns tarde (16:15-17:55)

*Horario de adultos*

Luns a xoves 17:00-22:30

Venres 17:00-21:45

## 6. A hora de ler

Cada semana dedicarase unha hora á lectura nos primeiros niveis da ESO. Diversos departamentos colaborarán coa lectura de textos, documentos e noticias de xornais e revistas.

## 7. Clubes de lectura

Liña 1. “Valores”, dirixida ao alumnado de 1º ESO. Con 10 participantes que dividimos en grupos. Profesor guía: Isabel Capelo (Dept. Relixión). Quedará os luns, 1º recreo.

Liña 2 “Convivencia” dirixida ao alumnado de 2º ESO. Con 15 participantes que dividimos en grupos. Profesor guía: Isabel Capelo (Dept. Relixión). Quedará os luns, 1º recreo

Liña 3 “Iniciación á lectura compartida” dirixida ao alumnado con NEE, 1º ESO, formado por 4 alumnos. Profesor guía: Natalia Pardavila (Dept. Lingua Castelá). Quedará os venres, 1º recreo

Liña 4 “Club Manga”, dirixida a todo o centro. 20 alumnos. Profesor guía: Leonor Giménez (Dept. Xeografía e Historia). Quedarán os mércores no 1º recreo.

Liña 5 “Igualdade” dirixida ao alumnado de 3º ESO. 4 participantes. Profesor guía: Irene. (Coordinadora do Dept. de Igualdade). Quedará os martes, 1º recreo

Liña 6 “Novela actual” dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO e Bacharelato. 10 participantes. Profesor guía: Rubén (Dept. Xeografía e Historia). Quedará os mércores, 2º Recreo

Liña 7 “Grupo de adultos”, dirixida ao alumnado de adultos. 12 participantes. Profesor guía: Montse Fdez Fraga (Dept. Lingua Galega- Nocturno). Quedará os mércores ás 16:00

## 8. Itinerarios lectores por departamentos

### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Grego

De acordo cos obxectivos do Proxecto Lector (Desenvolver a competencia lectora, Favorecer a competencia literaria, Educar no uso crítico da información, Fomentar o hábito da lectura, Apoiar a adquisición das competencias básicas) este Departamento propón como lecturas complementarias:

3º ESO e 4º ESO	<p><u>Mitoloxía grega:</u></p> <p><i>El catálogo de las naves</i> de F. J. González García</p> <p><i>Mitos clásicos</i> de J. V. Rodríguez Adrados</p> <p><i>Deuses e heroes</i> de M. Gibson</p> <p><i>Los trabajos de Hércules</i> de A-C. VivetRemy</p> <p><i>Los doce trabajos de Hércules</i> de J. Riordan</p> <p><i>Teseo y el minotauro</i> de A-C. VivetRemy</p> <p><i>Edipode</i> de A-C. VivetRemy</p> <p><i>De Apolo a Zeus, la venganza de los dioses</i> de A-C. VivetRemy</p>
-----------------	--



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Grego

De acordo cos obxectivos do Proxecto Lector (Desenvolver a competencia lectora, Favorecer a competencia literaria, Educar no uso crítico da información, Fomentar o hábito da lectura, Apoiar a adquisición das competencias básicas) este Departamento propón como lecturas complementarias:

	<p><i>Naves negras ante Troya. La historia de la Ilíadade R. Sutcliff</i></p> <p><i>Los viajes de Ulises de A-C. VivetRemy</i></p> <p><i>Agamenón y la Guerra de Troiade A-C. VivetRemy</i></p> <p><i>Jasón y el vellocino de oro de A-C- VivetRemy</i></p> <p><i>Superhéroes griegos de F. LilloRedonet.</i></p>
1º Bacharelato	<p><u>Lecturas obrigatorias:</u></p> <p><i>Odiseade Homero. Cantos do I ao XII</i></p> <p><i>Traxedias de Sófocles</i></p> <p><i>Comedias de Aristófanes</i></p> <p>A traxedia e a comedia que o alumno prefira.</p> <p><u>Outros libros para gozar:</u></p> <p><u>Autores gregos:</u></p> <p><i>Teogonía de Hesíodo</i></p> <p><i>Traxedias de Eurípides</i></p> <p><i>Líricos gregos arcaicos de J. Ferraté</i></p> <p><u>Outros:</u></p> <p><i>El libro de Michael de F. Bocos</i></p> <p><i>Homero, Ilíadade A. Baricco</i></p> <p><i>Corazón de Ulises de Reverte</i></p> <p><i>Hablar como los dioses de Fernando Castelló</i></p> <p><i>La muerte de los héroes de Carlos García Gual</i></p> <p><i>Superhéroes griegos de F. LilloRedonet</i></p> <p><i>La lengua de los dioses. Nueve razones para amar el griego de Andrea Marcolongo</i></p> <p><i>Grecia para todos de Carlos García Gual</i></p> <p><i>Un verano con Homero de Silvain Tesson</i></p>
2º Bacharelato	<p><u>Lecturas obrigatorias:</u></p> <p><i>Ilíada de Homero. Cantos I, VI, XVI e XX</i></p> <p><i>Poemas de Safo, Alceo e Arquíloco</i></p> <p><i>Edipo Rei de Sófocles</i></p> <p><i>As Nubes de Aristófanes</i></p>

\*\* Todos estes libros poden atoparse na biblioteca do centro.





**Itinerarios lectores propostos polo Departamento de Inglés**

Trátase de libros de lectura obrigatoria e se fará unha proba escrita de cada obra para controlar a lectura da mesma.

1º ESO	<i>All About Britain</i> by Julie Hart, Edit. Burlington
2º ESO	<i>A Stranger in the Past</i> by Julie Hart, Edit. Burlington
3º ESO	<i>The Ghost of Featherstone Castle</i> by Elspeth Rawstron , Edit. Burlington
4º ESO	<i>A Convict's Tale</i> by Julie Hart, Edit. Burlington
1º BACHARELATO	<i>The Secret Diary of Adrian Mole</i> by Sue Townsend, Edit. Burlington

**Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura**

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como desenvolve lectura compartida e participa en actividades propostas pola Biblioteca e o departamento de Normanlización.

1º ESO	<p><i>Chamádeme Simbad</i>, Francisco Castro, Galaxia</p> <p><i>O misterio de Portomarín</i>, Antía Yáñez, Galaxia</p> <p><i>Mamá, quero ser Ziggy Stardust</i>, Iria Misa, Xerais</p> <p><i>Maxia de pedra</i>, Alba de Evan e Xabier Domínguez, Xerais</p> <p><i>A lavandeira de San Simón</i>, Eva Mejuto, Xerais</p>
2º ESO	<p><i>Boy</i>, Roald Dahl, Sushi Books</p> <p><i>Cartas de inverno</i>, Agustín Fernández Paz, Xerais</p> <p><i>Cando petan na porta pola noite</i>, Xabier P. Docampo, Xerais</p> <p><i>Corredora</i>, María Reimóndez, Xerais</p> <p><i>Recinto gris</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>Camiño perigoso</i>, Ánxela Loureiro, Xerais</p> <p><i>Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>Bala Perdida</i>, Manuel Rivas, Xerais</p> <p><i>O segredo de Al'eume</i>, Pilar Ortega Pereiro, Cuarto de inverno</p> <p><i>Konrad ou o neno que saíu dun bote de conserva</i>, Christine Nöstlinger, Sushi Books</p>
3º ESO	<i>Europa Express</i> , Andrea Maceiras, Xerais



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como desenvolve lectura compartida e participa en actividades propostas pola Biblioteca e o departamento de Normalización.

	<p><i>Fóra do normal</i>, María Reimóndez, Xerais</p> <p><i>Iridium</i>, Francisco Castro, Galaxia</p> <p><i>O corazón de Xúpiter</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>O faro escuro</i>, María López Sánchez, Galaxia</p> <p><i>Sete Caveiras</i>, Elena Gallego Abad, Xerais</p> <p><i>22 segundos</i>, Eva Mejuto, Xerais</p> <p><i>Be water</i>, Antía Yáñez, Cuarto de Inverno</p> <p><i>A lebre mecánica</i>, Leticia Costas, Xerais</p>
4ºESO	<p><i>A afogada</i>, Rocío Leira, Xerais</p> <p><i>A cabeza de Medusa</i>, Marilar Aleixandre, Xerais</p> <p><i>Memoria do silencio</i>, Eva Mejuto, Xerais</p> <p><i>O grupo</i>, An Alfaya, Xerais</p> <p><i>Ollos de auga</i>, Domingo Villar, Galaxia</p> <p><i>O mundo en que vivín</i>, Ilse Losa, Hércules de Ediciones</p> <p><i>O que sei do silencio</i>, Andrea Maceiras, Xerais</p> <p><i>Os nenos da varíola</i>, María Solar, Galaxia</p> <p><i>Os rapaces non calcetan</i>, T. S. Easton, Sushi Books</p> <p><i>Santoamaro</i>, Antonio Manuel Fraga, Xerais</p> <p><i>Tristes armas</i>, Marina Mayoral, Xerais</p> <p><i>Un de nós mente</i>, Karen M. Mcmanus, Sushi Books</p> <p><i>Xa non estou aquí</i>, Iria Misa, Xerais</p> <p><i>Retrincos</i>, Castelao</p> <p><i>Memorias dun neno labrego</i>, Xosé Neira Vilas</p> <p><i>Vento ferido</i>, Carlos Casares</p>
1º Bacharelato	<p><i>Futuro imperfecto</i>, Xulia Alonso, Galaxia</p> <p><i>Senlleiras</i>, Antía Yáñez, Galaxia</p> <p><i>A dúbida</i>, María Reimóndez, Xerais</p> <p><i>As malas mulleres</i>, Marilar Aleixandre, Galaxia</p>



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como desenvolve lectura compartida e participa en actividades propostas pola Biblioteca e o departamento de Normalización.

	<p><i>Fillos do sol</i>, Cándido Pazó, Galaxia</p> <p><i>Memorias dun exgalego</i>, Josiño Araujo, Laiovento</p> <p><i>A parte fácil</i>, Ismael Ramos, Xerais</p> <p><i>A arte de trobar</i>, Santiago Lopo, Xerais</p> <p><i>Azucres</i>, Bibiana Candia, Kalandraka</p> <p><i>O libro e o tapiz</i>, Xabier Paz, Xerais</p> <p><i>Outra idea de Galicia</i>, Miguel Anxo Murado, Debate</p> <p><i>Cantares gallegos</i>, Rosalía de Castro</p>
2º Bacharelato	<p><i>Made in Galiza</i>, Séchu Sende, Galaxia</p> <p><i>Todo canto fomos</i>, Xosé Monteagudo, Galaxia</p> <p><i>Vémonos mañá</i>, Xosé Monteagudo, Xerais</p> <p><i>Unha mente que voa</i>, Xurxo Mariño, Xerais</p> <p><i>Flores de ferro</i>, María Rei Vilas, Galaxia</p> <p><i>Os camiños da vida</i>, Otero Pedrayo</p> <p><i>Os vellos non deben de namorarse</i>, Castelao</p> <p><i>Dos arquivos do trasno</i>, Rafael Dieste</p> <p><i>De catro a catro</i>, Manuel Antonio</p> <p><i>A esmorga</i>, Eduardo Blanco Amor</p> <p><i>Longa noite de pedra</i>, Celso Emilio Ferreiro</p> <p><i>Era por setembro</i>, Xabier Quiroga, Xerais</p> <p><i>O derradeiro libro de Emma Olsen</i>, Berta Dávila, Galaxia</p> <p><i>Merlín e familia</i>, Álvaro Cunqueiro</p> <p><i>Adiós María</i>, Xohana Torres</p> <p><i>Xoguetes para un tempo prohibido</i>, Carlos Casares</p> <p><i>Percival e outras historias</i>, Xosé Luís Méndez Ferrín</p> <p><i>O crepúsculo e as formigas</i>, Xosé Luís Méndez Ferrín</p> <p><i>Poesía última de amor e enfermidade</i>, Lois Pereiro</p> <p><i>Polaroid</i>, Suso de Toro</p>



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como desenvolve lectura compartida e participa en actividades propostas pola Biblioteca e o departamento de Normalización.

	<p><i>O lapis do carpinteiro</i>, Manuel Rivas, Xerais</p> <p><i>Resistencia</i>, Rosa Aneiros, Xerais</p> <p><i>Morgana en Esmelle</i>, Begoña Caamaño, Galaxia</p> <p><i>O porco de pé</i>, Vicente Risco</p> <p><i>Os outros feirantes</i>, Cunqueiro</p> <p><i>Elipsis e outras sombras</i>, Méndez Ferrín</p> <p><i>Os seres queridos</i>, Berta Dávila</p> <p><i>A ira dos mansos, O meu nome é ninguén, A vinganza dos homes bos</i>, (triloxía) Manuel Esteban, Xerais</p> <p><i>A vida secreta de Úrsula Bas // O home que matou a Antía Morgade</i>, Arantxa Portabales, Galaxia</p> <p><i>A Praia dos afogados // O último barco</i>, Domingo Villar, Galaxia</p> <p><i>O libro da filla</i>, Inma López, Galaxia</p> <p><i>Memoria da choiva</i>, Pedro Feijoo, Xerais</p> <p><i>Golpes de luz</i>, Leticia Costas, Xerais</p>
ESA III	<p><i>Cartas de inverno</i>, Agustín Fernández Paz, Xerais</p> <p><i>Cando petan na porta pola noite</i>, Xabier P. Docampo, Xerais</p> <p><i>Corredora</i>, María Reimóndez, Xerais</p> <p><i>Recinto gris</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>Os contos de terror do tío Montague</i>, Chris Priestley, Sushi Books</p> <p><i>O famoso catálogo Walter &amp; Down</i>, Davide Morosinotto, Sushi Books</p> <p><i>A banda sen futuro</i>, Marilar Aleixandre, Xerais</p> <p><i>Europa Express</i>, Andrea Maceiras, Xerais</p> <p><i>Fóra do normal</i>, María Reimóndez, Xerais</p> <p><i>Iridium</i>, Francisco Castro, Galaxia</p> <p><i>O corazón de Xúpiter</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>O faro escuro</i>, María López Sández, Galaxia</p> <p><i>Sete Caveiras</i>, Elena Gallego Abad, Xerais</p> <p><i>22 segundos</i>, Eva Mejuto, Xerais</p>



**Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura**

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato, así como desenvolve lectura compartida e participa en actividades propostas pola Biblioteca e o departamento de Normalización.

ESA IV	<p><i>Noite de voraces sombras</i>, Agustín Fernández Paz, Xerais</p> <p><i>Aire negro</i>, Agustín Fernández Paz, Xerais</p> <p><i>A afogada</i>, Rocío Leira, Xerais</p> <p><i>A cabeza de Medusa</i>, Marilar Aleixandre, Xerais</p> <p><i>Febre</i>, Héctor Carré, Xerais</p> <p><i>Memoria do silencio</i>, Eva Mejuto, Xerais</p> <p><i>O grupo</i>, An Alfaya, Xerais</p> <p><i>Ollos de auga</i>, Domingo Villar, Galaxia</p> <p><i>O mundo en que vivín</i>, Ilse Losa, Hércules de Ediciones</p> <p><i>O que sei do silencio</i>, Andrea Maceiras, Xerais</p> <p><i>Os nenos da varíola</i>, María Solar, Galaxia</p> <p><i>Os rapaces non calcetan</i>, T. S. Easton, Sushi Books</p> <p><i>Jules Verne e o segredo das mulleres planta</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>Tristes armas</i>, Marina Mayoral, Xerais</p> <p><i>Xa non estou aquí</i>, Iria Misa, Xerais</p> <p><i>Retrincos</i>, Castelao</p> <p><i>Memorias dun neno labrego</i>, Xosé Neira Vilas</p> <p><i>Vento ferido</i>, Carlos Casares</p>
--------	--

**Itinerarios lectores propostos polo Dpto. De Lingua Castelá e Literatura**

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato. Na ESO tamén se desenvolve unha lectura compartida en 2º ESO e participa con diversas actividades realizadas desde a Biblioteca e en coordinación con outros departamentos, como o de lingua galega e ciencias. Tamén se fomenta a inclusión participando cun grupo lectura no Club de Lectura.

1ºESO	<p>Angelidou, Maria: <i>Mitos griegos</i>.</p> <p>Christie, Agatha: <i>La ratonera</i>.</p> <p>Ruiz Zafón, Carlos: <i>El príncipe de la niebla</i>.</p>
2ºESO	<p>Velasco, J: <i>El misterio del eunuco</i>.</p> <p>García Márquez, Gabriel: <i>Relato de un naufrago</i>.</p> <p>Sierra i Fabra, Jordi: <i>Kafka y la muñeca viajera</i>.</p>



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. De Lingua Castelá e Literatura

O departamento estableceu un libro de lectura obrigatoria por avaliación e nivel para o alumnado da ESO e Bacharelato. Na ESO tamén se desenvolve unha lectura compartida en 2º ESO e participa con diversas actividades realizadas desde a Biblioteca e en coordinación con outros departamentos, como o de lingua galega e ciencias. Tamén se fomenta a inclusión participando cun grupo lectura no Club de Lectura.

3ºESO	Pitcher, Annabel: <i>Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea.</i> Joseph Joffo, <i>Un saco de canicas</i> Priestley, J.B: <i>La visita del inspector.</i>
4ºESO	<i>Salinger, El guardián en el centeno.</i> George Orswel: <i>Rebelión en la granja</i> Federico García Lorca, <i>La casa de Bernarda Alba</i>
1º Bacharelato	Anónimo: <i>Lazarillo de Tormes</i> Cervantes, Miguel: <i>Selección de capítulos de El Quijote.</i> <i>Selección de Larra o Bécquer.</i> Zorrilla; J: <i>Don Juan Tenorio.</i>
2º Bacharelato	Buero Vallejo; Antonio: <i>La Fundación.</i> García Lorca, Federico: <i>El Romancero Gitano.</i> García Márque, Gabriel: <i>Crónica de una muerte anunciada.</i> Grandes, Almudena: <i>El lector de Julio Verne.</i>
1º Bacharelato (Literatura Universal)	Wolf, Virginia: <i>Una habitación propia.</i> <i>Colección de cuentos del siglo XIX (Poe, Maupassant...)</i> Kafka, <i>Metamorfosis</i> M. Sheley, <i>Franquenstein</i>

### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Latín

O departamento participa de xeito activo nas actividades encamiñadas a mellorar as capacidades e competencias lectoras do alumnado colaborando nas actividades de promoción da lectura e do mundo do libro. Con carácter máis específico e intimamente ligadas ás disciplinas que impartimos, traballamos unha serie de lecturas, todas elas de carácter voluntario algunhas recomendadas e moitas suxeridas pero á elección dos propios alumnos.

3ºESO	<u>Ao alumnado de recoméndaselle ler as seguintes obras:</u> <i>Grecia e o Mediterráneo , Roma e o Mediterráneo e Os galego romanos</i> , Editorial A Nosa Terra. <u>Un dos seguintes:</u> <i>Los viajes de Ulises, Los trabajos de Hércules, Rómulo y Remo, Julio César y la guerra de las Galias</i> , editorial Akal. <u>Con carácter voluntario así mesmo algunha das seguintes obras:</u> Da colección <i>Clásicos adaptados</i> , editorial Vicens Vives: <i>Naves negras ante Troya, Jasón y los Argonautas.</i>
-------	--



### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Latín

O departamento participa de xeito activo nas actividades encamiñadas a mellorar as capacidades e competencias lectoras do alumnado colaborando nas actividades de promoción da lectura e do mundo do libro. Con carácter máis específico e intimamente ligadas ás disciplinas que impartimos, traballamos unha serie de lecturas, todas elas de carácter voluntario algunhas recomendadas e moitas suxeridas pero á elección dos propios alumnos.

	De Ediciones de la Torre: <i>Cuentos de la magiagriega. Entre brujas y fantasmas</i> Da colección <i>Misterios Romanos</i> , editorial Salamandra: <i>Ladrones en el foro, Los piratas de Pompeya, Los gladiadores de Capua, El coloso de Rodas.</i>
4ºESO	Da colección <i>Bravo</i> , editorial Editex: <i>Los Griegos, Los Romanos e La Mitología clásica.</i> Un dos seguintes títulos da editorial Akal: <i>Agamenón y la Guerra de Troya, Teseo y el Minotauro, Edipo, Jasón y el vellocino de oro.</i> <u>Lectura voluntaria dalgunha das seguintes obras:</u> Da colección <i>Clásicos adaptados</i> , editorial Vicens Vives: <i>Las aventuras de Ulises, En busca de una patria.</i> De Ediciones de la Torre: <i>Cuentos del teatro griego.</i> Da colección <i>Misterios Romanos</i> , editorial Salamandra: <i>Los secretos del Vesubio, Asesinos en Roma, El fugitivo de Corinto, Los doce trabajos de Flavia Gémina.</i> <i>Contos da Galicia romana</i> de Fernando Lillo Redonet, Editorial Toxosoutos. <i>Cuentos y leyendas de los juegos de Olimpia</i> , Editorial Anaya.
1º Bacharelato	<u>lectura recomendada:</u> <i>A vida cotiá na Galicia romana</i> de Ana María Suárez Piñeiro, edicións Lóstrego. <u>Lectura voluntaria dalgunha das seguintes obras da colección Clásicos en Galego:</u> <i>Plauto, Anfitrión. Asinaria ou Aulularia, Carmina Burana.</i>
2º Bacharelato	<u>Recomendamos as lecturas que en anos anteriores foran propostas para as ABAU:</u> Tito Livio, <i>56, 4 60</i> Tácito, <i>Agrícola, 29 38</i> Ovidio, <i>Metamorfoses, I 452 567; IV, 55 166; X, 1 71</i> Catulo, <i>Poemas 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11</i> <i>Plauto, Amphitruo, Casina ou Miles gloriosus.</i> <u>Lecturas de carácter voluntario:</u> <i>Una de romanos. Un paseo por la historia de Roma</i> de Carlos Goñi, Editorial Ariel.

### Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Matemáticas

1º ESO	<i>El asesinato del profesor de matemáticas.</i>
2º ESO	<i>Los diez magníficos.</i>
3º ESO	<i>El diablo de los números.</i>



	<i>Aventuras matemáticas: en busca del código secreto.</i>
4º ESO	<i>La fórmula secreta del profesor.</i> <i>El hombre que calculaba.</i>
1º Bacharelato	<i>El enigma de Fermat.</i> <i>El teorema del loro.</i>
2º Bacharelato	En 2º BAC a veces les comentamos alguno, dependiendo del grupo y de cómo les veamos de "agobiados", pero <u>en principio ninguno</u> .

<b>Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Xeografía e Historia</b>	
1º ESO	<p><u>Lecturas obrigatorias:</u> <i>El Clan</i>. Primera parte: PeterDilkinson Editorial Salamandra. <i>La Maldición de Ra</i>. NaguibMahfuz.EDHASA – <i>Los secretos del Vesubio</i>. CarolineLawrence.SALAMANDRA -</p> <p><u>Lecturas recomendadas:</u> <i>El fósil perdido</i>. PeterDilkinson Editorial Salamandra <i>El secreto de la diosa</i>. Lorenzo Mediano. DEBOLSILLO. ISBN: 9788425337697.Editor: Grijalbo. <i>El bisonte mágico</i>. Carlos Villanes. Editorial Planeta lector. Colección EspasaJuvenil. <i>Ladrones en el foro</i>. CarolineLawrence.EDHASA</p> <p>Revistas <i>NationalGeographic</i> para realizar traballos sobre os Obxectivos de desenvolvemento sostible.</p> <p>Libros e comics sobre mitoloxía, imos a realizar actividades en historia antiga os mitos greco-romanos (o alumnado ten como lectura obrigatoria en Lingua Castelá un libro sobre mitoloxía)</p>
2º ESO	<p>Lectura recomendada :</p> <p><i>Por qué los primerosemojis se escribían en arcilla y otros porqués de la Historiade</i> José Antonio Lucero. <i>La historia en apurosdeNievesConcostrina</i> <i>Peregrina a compostela en la Edad Mediade</i> Chema Roman, JaimeNuño González. Editorial: Fundación Santa María la Real Centro de Estudios del Románico, 2016</p>
3º ESO	<p><u>Lectura obrigatoria para traballar no 2º e 3º trimestre</u></p> <p><i>La vueltaal mundo de un forro polar rojo</i>. WolfgangKorn. Editorial Siruela <i>La vueltaal mundo de unas zapatillas de deporte</i>. WolfgangKornEd.Siruela <i>Emigrantes</i>.Shaun Tan . BarbaraFiore editora <i>Política para principiantes</i>. VV.AA.UsbornePublishing.</p>
4º ESO	<p><u>Lectura obrigatoria 3º trimestre. Escoller un libro entre:</u> Al Aswani, Alaa: <b>La república era esto</b>, Anagrama</p>





**Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Xeografía e Historia**

Aleksiévich, Svetlana: "El fin del "Homo sovieticus", Acantilado  
Aleksiévich, Svetlana: **La guerra no tiene nombre de mujer**, Debolsillo  
Anónimo: **Una mujer de Berlin**, Anagrama  
Aramburu, Fernando: **Patria**. Tusquets  
berg  
Binet, Laurent: **HhhH**, SeixBarral, 2013  
Bolinaga, Iñigo: **Breve historia de la revolución rusa**. Nowtilus, 2008  
Bolinaga, Iñigo: **Breve historia del fascismo**, Nowtilus, 2008  
Bustos, Natacha y Sánchez, Francisco: **Chernobil. La zona** Glenat  
Cardoso, Dulce María: **El retorno**, La umbría y la solana  
Carrere, Emmanuel: **Limonov** Anagrama  
Cebrián, Juan Luis: **Pasajes de la historia**. Temas de hoy, 2009  
Cercas, Javier: **Los soldados de Salamina**  
Chaves Nogales, Manuel: **A sangre y fuego**, Asteroide  
Delisle, Guy: **Pyongyang** Astiberri  
Díaz, Hernán: **Fortuna**, Anagrama  
Evans, Brad e Wilson, Michael: **Retratos de la violencia. Una historia ilustrada del pensamiento radical**, Akal ediciones  
Fallada, Hans: **Pequeño hombre, ¿y ahora qué?** Embolsillo, 2012  
Fallada, Hans: **Solo en Berlín**, Embolsillo, 2012  
Fatland, Erika, **La frontera**, Tusquets  
Fernández, Conchín: **Querido Noah** Plaza y Janés  
Fortun, Elena: **Celia en la revolución**. Editorial Renacimiento  
Giménez, Carlos: **Todo Paracuellos** Debolsillo, 2009  
Guibert: **El fotógrafo**, Astiberri  
Haig, Joan: **Hablemos de Historia**, Ediciones SM  
Harari, Yuval Noah: **21 lecciones para el siglo XXI**. Editorial Debate  
Harari, Yuval Noah: **Sapiens (de animales a dioses)**, Editorial Debate  
Hosseini, Khaled: **Cometas en el cielo**, Salamandra, 2006  
Huston, Nancy: **Marcas de Nacimiento**, Rinoceronte Editora, 2012  
Kaminer, Vladimir: **A discoteca rusa**, Editorial Rinoceronte, 2009  
Kaminski, André: **Os xardíns de Mulai Abdalá**, Rinoceronte  
Kapuscinski, Ryszard: **Ebano**, Anagrama, 2000  
Kertesz, Imre: **Sin destino**, Editorial Acantilado  
Koeppen, Wolfgang: **Apuntamentos de Jakob Littner desde un burato no chan**. Rinoceronte editora  
Kressmann Taylor: **Paradero desconocido**. RBA bolsillo 2008  
Krug, Nora: **Heimat**, Salamandra  
Kundera, Milan: **La insoportable levedad del ser**. Tusquets, 2001  
Mendoza, Eduardo: **La verdad sobre el caso Savolta**, Seix Barral  
Nemirovsky, Irene: **Suite francesa**, Salamandra, 2005  
Ngozi Adichie, Chimamanda: **Americanah**, Debolsillo  
O'Clery, Conor: **El zapatero y su hija**, Crítica  
Oksanen, Sofie: **Purga**, Rinoceronte Editora  
Pasternak, Boris: **Dr. Zhivago**, debolsillo, 2012



Itinerarios lectores propostos polo Dpto. de Xeografía e Historia	
	<p>Remarque, Erich María: <b>Sin novedad en el frente</b> Pocket Edhasa</p> <p>Roca, Paco: <b>Los surcos del azar</b> Astiberri</p> <p>Rosnay, Tatiana de: <b>La llave de Sarah</b>, Punto de lectura</p> <p>Ruge, Eugen: <b>En tiempos de luz menguante. Novela de una familia.</b> Anagrama</p> <p>Satrapi, Marjanne: <b>Persépolis</b>, Norma cómic</p> <p>Sattouf, Riad: <b>El árabe del futuro</b>, Salamandra</p> <p>Savoia, S y Sowa, M: <b>Marzi 1984-1987</b> Norma</p> <p>Schawrz, Geraldine: <b>Los amnésicos</b>, Tusquets</p> <p>Sepeyts, Ruta: <b>Entre tonos de gris</b>, Embolsillo 2012</p> <p>Shaun Tan, <b>Emigrantes</b>, Barbara Fiore editores</p> <p>Snyder, Timothy, <b>Sobre la tiranía: veinte lecciones que aprender del siglo xx</b>, Galaxia Gutenberg</p> <p>Solmssen, Arthur R.G.: <b>Una princesa en Berlín</b>, Tusquets</p> <p>Spiegelman, Art: <b>Mauss</b>, Random House Mondadori</p> <p>Steinbeck, John: <b>Las uvas de la ira</b>. Alianza editorial, 2012</p> <p>Takei, George: <b>Éramos el enemigo</b>, Planeta</p> <p>Tardi: <b>La guerra de trincheras</b>. Norma</p> <p>Taylor, Kressmann: <b>Enderezo descoñecido</b>. Xerais 2007</p> <p>Uhlman, Fred: <b>El reencuentro</b>, Tusquets</p> <p>Van Hamme y Griffo: <b>SOS Bienestar</b> Norma Cómic</p> <p>Van Hamme y Griffo: <b>SOS Bienestar</b> Norma Cómic Sacco, Joe: <b>Reportajes</b>. Reservoir books</p>
1º Bacharelato	<p><i>Lectura recomendada:</i></p> <p><i>A granxa dos animais</i> de G. Orwel. Editorial Faktoría K de libros.</p> <p>(Versión en castelán: <i>Rebelión en la granja</i>)</p> <p>Asemade na materia de Historia do Mundo Contemporáneo se traballan <i>textos, documentos, artigos de revistas e xornais</i></p>
2º Bacharelato	<p>Neste curso non se vai poñer libro de lectura obrigatorio. No propio curriculum da materia de Historia de España se traballan <i>textos, documentos, artigos de revistas e xornais</i>.</p>

## 9. Actividades programadas e temporalización

Biblioteca Méndez Ferrín			
Actividade	Data	Cursos	Descrición
Día das Escritoras	16 outubro	Literatura Universal (1º Bach)	Elabórase unha liña do tempo por séculos, de mulleres escritoras.



<b>Biblioteca Méndez Ferrín</b>			
Día das Bibliotecas Escolares	24 outubro	1º ESO	O alumnado de 1º ESO coñece a Biblioteca
Concurso de relatos de terror	Outubro	Alumnado de 1º e 2º ESO	Relatos de Samaín elaborados polo alumnado.
“Samaín” na Biblioteca (actividade conxunta con Dinamización)	Novembro	Todo o centro	Faise unha escolma de libros de terror e durante a última semana do mes de outubro, decórase o corredor da entrada
Resolución concurso literario e entrega de diplomas.	Novembro	Alumnado 1 e 2 ESO	Fállase o concurso literario coa entrega de diplomas en novembro.
Día da Violencia de Xénero. Todo o centro (Actividade conxunta co departamento de Orientación-Dinamización lingüística).	25 novembro	Todo o centro	Elabóranse unha exposición de libros.
Nadal	Decembro	Todo o centro	Celebracións de nadal
Contacontos	Decembro	1º ESO 2º ESO	Actividade de contacontos
Día da Paz e da non violencia	30 Xaneiro	Todo o centro	Por determinar.



<b>Biblioteca Méndez Ferrín</b>			
Día da ilustración	30 Xaneiro	Todo o centro	Conmemoración do día da ilustración
Día de Rosalía Xunto con Dinamización Lingüística.	24 Febreiro	Todo o centro	Por determinar.
Entroido	Febreiro	Todo o centro.	Tentarase facer un recordatorio do entroido de anos anteriores.
Semana da prensa	6-10 Marzo	Por determinar 1º ESO	Por determinar
Día da muller	8 marzo	Todo o centro	Actividade por determinar
Día da Árbore e da poesía.	21 de marzo	Por determinar 1º ESO	Conmemoración do día da Poesía e a Árbore.
II Semana da Ciencia	Abril	Todo o centro	Por determinar
Día do libro Xunto co departamento de Dinamización Lingüística.	23 Abril	Todo o centro	Proporanse diferentes actividades aínda por determinar.
Día das Letras Galegas Xunto co departamento de Dinamización Lingüística.	17 Maio	Todo o centro	Diferentes actividades aínda por determinar.
Despedida e recomendacións lectoras	Xuño	Todo o centro.	Xornada de despedida



## 10. Dinamización da lectura dende a Biblioteca (durante todo o curso)

- a) Blog de biblioteca, “A cova máxica”  
É o recurso principal para a difusión da información relacionada co fomento da lectura desde a Biblioteca: achega as novidades editoriais, recensións de literatura xuvenil, recomendacións dos lectores, actividades, certames...
- b) Actividades de dinamización da Biblioteca  
Actividades relacionadas coa lectura na aula. (durante todo o curso)
- c) Hora de ler
- d) Lectura en voz alta na aula en cada materia, utilizando os textos ou fragmentos que cada departamento ou profesor/a estime oportunos.
- e) Outras actividades de fomento da lectura, como concursos literarios, xogos de encrucillados, xogos de pistas, xeroglíficos, formación de palabras, etc.
- f) Creación dun museo Pedagóxico do IES Santa Irene co material didáctico histórico do centro.  
Exposición e catalogación dos arquivos.
- g) Fondos Fotográficos históricos. Catalogar, clasificar, documentar e dixitalizar os fondos fotográficos históricos.
- h) Club de lectura

Actividades de lectura programadas polos departamentos didácticos.

- a) Lectura de libros nas diferentes materias. A periodicidade da lectura (un libro por curso, un por trimestre...) e o título dos libros recomendados están recollidos na programación didáctica de cada departamento.
- b) Presentación de novidades editoriais. O profesorado informará aos alumnos/as dos títulos publicados relacionados coa súa materia.
- c) Encontros con autores antes ou despois da lectura dun dos seus libros organizados polos departamentos de linguas, este curso non será no paraninfo e se se realiza algunha será nun grupo na aula. Encontros con outros centros dentro do plan do Club de lectura.

## 11. Criterios e procedementos de avaliación

Para avaliar os resultados do proxecto lector e a súa contribución ao fomento da lectura utilizaremos diferentes instrumentos.

Análise de estatísticas do índice de participación nas actividades de dinamización da lectura.

Análise de estatísticas do índice de utilización da Biblioteca en función dos resultados de préstamos.

Enquisa entre o alumnado sobre o número e título dos libros lidos ao longo do ano.

Enquisa entre o alumnado, profesorado, pais e nais sobre o funcionamento da Biblioteca para traballar a súa mellora.

Enquisa entre os departamentos didácticos para valorar as actividades de fomento da lectura realizadas durante o curso e a incidencia que tiveron na mellora da competencia lectora do alumnado.

Aplicación no Plan Lector Anual das melloras a realizar en función dos resultados obtidos no curso anterior a través destes instrumentos de avaliación.

Aprobación do Claustro: 21 de novembro de 2023

Aprobación do Consello Escolar: 21 de novembro de 2023



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
SANTA IRENE

986 233 799 / 986 231 162  
ies.santairene@edu.xunta.gal  
Praza de América, 7  
36211-VIGO

---